



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 242/2013, DO 18 DE ABRIL .

Mediante Resolución de Alcaldía nº 64/2013 do 8 de febreiro aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos múltiples, no Concello de Cabana de Bergantiños.

Publidadas as bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 34, do martes 19 de febreiro de 2013), e advertidos erros nas mesmas editáronse novas publicacións no BOP e transcorrido o prazo de 10 días naturais, contados dende o día seguinte a última publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 40 do 27 de febreiro de 2013) para a presentación de instancias, e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Mediante a Resolución de Alcaldía nº 173/2013 do 20 de marzo publicouse a lista provisional de admitidos e excluídos, concedendo un prazo de 5 días hábiles para que os aspirantes excluídos de forma provisional subsanasen as deficiencias, advertindo que de non facelo quedarán definitivamente excluídos.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 196/2013 do 3 de abril aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, composición do tribunal e fixouse como data para a proba teórica (tipo test) o día 8 de abril de 2013 ás 13:30h, tal e como establecían as bases do proceso de selección.

Vista a acta do tribunal de selección de operario de servizos múltiples con data do día 8 de abril de 2013, onde se acorda por unanimidade, os aspirantes que acadaron a calificación de apto e non apto na proba teórica, de acordo ca base sétima das bases de selección.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 224/2013 do 10 de abril onde se aproba, tal e como acordou o tribunal de selección, a lista de aspirantes aptos e non aptos na proba teórica.

Reunido o tribunal calificador do procedemento selectivo o día 11 de abril de 2013, e tal e como aparece reflitado na acta que asinan os membros do tribunal e á vista da puntuación obtida na proba práctica e na valoración de méritos, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros que teñen dereito a voto, decidiu propoñer ao Sr. Alcalde adxudicar a praza de operario de servizos múltiples a D. José Manuel Parga Eiroa.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 236/2013 do 17 de abril onde se adxudica a praza de operario de servizos múltiples a D. José Manuel Parga Eiroa con DNI nº 79.318.749-Y, tal e como o tribunal de selección acordou por unanimidade dos seus membros, así como a relación de aspirantes seleccionados a efectos de constituir unha bolsa de reserva a que fai referencia a cláusula oitava das bases reguladoras.

Visto que segundo a base novena punto 1 o aspirante proposto tiña que presentar nun prazo máximo de 5 días naturais contados a partir da publicación no taboleiro de anuncios do concello a documentación sinalada na citada base.

Visto que no citado prazo a persoa seleccionada presentou a documentación requirida, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, pola presente **RESOLVO**:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

PRIMEIRO: Nomear a D. José Manuel Parga Eiroa con DNI nº 79.318.749-Y ,para o posto de operario de servizos múltiples do Concello de Cabana de Bergantiños.

SEGUNDO: Procedase á formalización do correspondente contrato laboral, así como a realizar os restantes trámites necesarios ante a Seguridade Social, que resulten necesarios de conformidade coa normativa vixente.

TERCEIRO: Dar traslado da presente aos servizos de Tesourería do Concello.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 18 de abril de dous mil trece diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,



Asdo.: José Muíño Domínguez.

A Secretaria,



Asdo.: Paula M^a Suárez Cotelo.